



A Revolución rusa

Da crise do Imperio dos tsares ao poder bolxevique: unha transformación que cambiou Rusia e influíu decisivamente na historia do século XX.

1º BACHARELATO

HISTORIA CONTEMPORÁNEA

Un imperio inmenso, diverso e pouco modernizado

En 1860, o Imperio ruso tiña arredor de 70 millóns de habitantes e unha extensión maior ca a das principais potencias europeas xuntas.

- Convivían pobos eslavos, finlandeses e asiáticos.
- Había cristiáns ortodoxos e católicos, musulmáns e outras comunidades.
- Politicamente seguía dominado polo Antigo Réxime: poder absoluto do tsar, sen Constitución nin parlamento real.





Documento 1: León Tolstoi - Carta ao Tzar Nicolás II (16 de xaneiro de 1902)

Unha terceira parte de Rusia está sometida a unha continua vixilancia policial; o exército de policía coñecidos e segredos aumenta sen cesar (...) hai un número considerable de condenados políticos (...).O pobo agricultor, os cen millóns de homes sobre os cales está fundada a potencia de Rusia (...) empobrécese de ano en ano, de maneira que a fame chegou a ser o estado normal (...)

A autocracia é unha forma de goberno que morreu. (...) Así é que para soste esta forma de goberno e a ortodoxia ligada a el, é preciso, como agora faise, empregar todos os medios de violencia, a vixilancia policial máis activa e severa que antes, os suplicios, as persecucións relixiosas, a prohibición de libros e de xornais, a deformación da educación, e en xeral de toda clase de actos de perversión e crueldade. (...)

León Tolstoi (1828-1910) foi un dos máis grandes escritores rusos, coñecido polas súas novelas realistas e as súas ideas filosóficas e morais.

Modernización con límites

Con Alejandro II aparecieron reformas importantes: limitación da servidume, cambios na xustiza, renovación universitaria e inicio dunha industrialización apoiada nas exportacións de cereal e no capital estranxeiro, sobre todo francés.

⚠ Pero a modernización non chegou ao sistema político: Rusia non se converteu nunha monarquía constitucional.

Coa chegada de Alejandro III reforzáronse o absolutismo e a rusificación: imposición da lingua rusa, da cultura rusa e da relixión ortodoxa sobre un imperio moi diverso.



A oposición ao tsarismo toma forma



Liberais

Defendían a creación dun **parlamento**, unha **Constitución** e límites ao poder do tsar.



Socialdemócratas Menxeviques

Inspirados por **Karl Marx**, centraban a súa acción nas reivindicacións obreiras e na crítica ao capitalismo. Favorables a aliarse cos liberais.



Socialdemócratas bolxeviques

Liderados por **Lenin**, rexeitaban compromisos e apostaban por un partido revolucionario capaz de guiar os obreiros.



Marxismo-leninismo

Visión económica de Marx

- Eliminación da propiedade privada
- Supresión do modelo social bipartito

Visión política de Lenin

- O partido debe ser o motor da revolución
- Intensa labor de propaganda (Pravda, Iskra)
- Partidocracia como paso previo ao comunismo



A Revolución de 1905: o aviso aviso

A revolución estalou nun contexto de **malas colleitas**, descontento social e aumento do recrutamento pola guerra ruso-xaponesa (1904-1905).

01

Domingo Negro

Unha manifestación ante o Palacio de Inverno foi reprimida violentamente.

02

Protestas por toda Rusia

A indignación estendeuse e parte do exército apoiou os rebeldes.

03

Concesións do tsar

Prometeuse unha Constitución, liberdades e a creación da **Duma**.



Documento 2: Decreto Imperial do 30 de outubro de 1905

A axitación, nas capitais e en numerosas rexións do noso Imperio, enchen o noso corazón dunha pesada pena. (...) Nós, impoñemos ao goberno a obrigaón e executar a nosa vontade inflexible:


1º Conceder á poboación a liberdade civil, establecida dunha maneira inquebrantable sobre a base da inviolabilidade persoal, e as liberdades de conciencia, de reunión e de asociación.

2ª Non obstaculizar as eleccións á Duma Imperial e admitir a participación nas eleccións das clases de poboación que foron privadas ata o de agora do dereito de voto.

3º Establecer unha regra inquebrantable que calquera lei non será efectiva sen a sanción da Duma Imperial e que os representantes do pobo terán os medios para participar realmente no control da legalidade dos actos realizados polos membros da nosa administración.

Este decreto foi a resposta do tsar Nicolás II á crecente presión e ás protestas que culminaron na Revolución de 1905, marcando concesións significativas pero limitadas ao poder autocrático.

Por que 1905 non resolveu a crise?



A Duma existía, pero o tsar tentou limitar a súa capacidade de decisión. A entrada de Rusia na Primeira Guerra Mundial e os fracasos do exército fixeron que a tensión social e política volveuse medrar.



1 HD

1917: soviets, guerra e regreso de Lenin



Tras 1905 xurdiron os **soviets**, consellos de traballadores que organizaban protestas, moitas veces desde fábricas concretas. Ao funcionar a pequena escala, escaparon mellor ao control do goberno.

En abril de 1917, Lenin regresou a San Petersburgo nun tren blindado desde Suíza. Alemaña financiou a viaxe porque quería que Rusia abandonase a Primeira Guerra Mundial.



Os soviets

Os soviets eran consellos de traballadores, campesiños e soldados que xurdiron en Rusia de forma espontánea durante o caos revolucionario de 1905 e, máis notoriamente, en 1917.

A súa forza residía na súa capacidade para organizar a resistencia e as protestas a nivel local, moitas veces directamente nas fábricas ou unidades militares, o que lles permitía escapar ao control centralizado do goberno e converterse en auténticos focos de poder popular.



Documento 3: Lenin - As teses de abril (1917)

1. É a nosa actitude ante a guerra, que por parte de Rusia segue sendo indiscutiblemente unha guerra imperialista, de rapiña (...)
3. Ningún apoio ao Goberno Provisional; pola completa falsidade de todas as súas promesas (...)
5. Non queremos unha república parlamentaria (...) senón unha república dos soviets de deputados obreiros, braceiros e campesiños en todo o país, (feita) de abaixo arriba.
6. (...) Nacionalización de todas as terras do país, das que dispoñerán os soviets locais de campesiños (...).
7. Fusión inmediata de todos os bancos do país nun Banco Nacional único, sometido ao control dos soviets.

As Teses de Abril foron o programa radical de Lenin para a revolución, establecendo as directrices clave para a acción bolxevique en 1917.

As teses de abril e a toma do poder

Cando Lenin chegou, o tsar xa abdicara e gobernaba un executivo provisional liberal que decidiu continuar na guerra. Lenin propuxo unha liña clara: revolución inmediata e ruptura coa orde anterior.



Tomar o poder

Pasar do goberno provisional ao poder revolucionario.



Saír da guerra

Retirarse da Primeira Guerra Mundial.




Repartir a terra

Entregala aos campesiños.



Control obreiro

Poñer as empresas en mans dos soviets.





A Revolución de Outubro de 1917: O desenvolvemento

A toma do Palacio de Inverno entre o 24 e o 25 de outubro de 1917 foi o momento decisivo da Revolución de Outubro. Estes son os feitos principais de ambas as xornadas.



Madrugada do 24 de outubro

Mobilización dos bolxeviques e ocupación dos puntos estratéxicos de Petrogrado.



Mañá do 24 de outubro

Ocupación das estacións de ferrocarril, dos telégrafos e doutros edificios clave da cidade.



Tarde do 24 de outubro

Concentración de tropas bolxeviques ao redor do Palacio de Inverno e cerco progresivo do Goberno Provisional.



Noite do 24 de outubro

Ultimátum ao Goberno Provisional e preparación do asalto final contra o Palacio de Inverno.



Madrugada do 25 de outubro

Asalto e toma do Palacio de Inverno, coa captura do Goberno Provisional.

Pobos e dereitos



Economía - Reforma Agraria



Economía - Control e Salarios



Sociedade e poder



Primeiras medidas bolxeviques

i As medidas iniciais combinaban promesas de igualdade e transformación social cun novo control político, simbolizado pola creación da Tcheka.

O Tratado de Brest-Litovsk (1918)



En marzo de 1918, a Rusia bolxevique asinou o Tratado de Brest-Litovsk coas Potencias Centrais, formalizando a súa saída da Primeira Guerra Mundial.

Rusia perdeu grandes extensións de territorio que incluían:

- Finlandia
- Estonia
- Letonia
- Lituania
- Polonia
- Ucraína

Consecuencias! ⓘ

- Servíu aos bolxeviques para consolidar a revolución no interior.
- Significou unha enorme perda de recursos naturais, infraestruturas e poboación, representando un terzo da poboación do Imperio Ruso e case o 80% das súas reservas de ferro.